

NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATA ÁS 22:00 HORAS

OS SOCIALISTAS DE FRIOL ANUNCIAN MEDIDAS PARA ACTIVAR A ECONOMÍA E PROMOVER A CREACIÓN DE EMPREGO NO MUNICIPIO

O alcaldable do PSOE propón a implantación dunha bolsa de traballo rotatoria para os desempregados de Friol, ademais do desenvolvemento dun plan de emprego e subvencións para as empresas da localidade que contraten novos traballadores

Os socialistas propoñen tamén unha serie de medidas concretas que afectan ao polígono industrial. “Como novidade implantaremos subvencións, de ata un máximo de 30.000 euros para as empresas de Friol e de 20.000 euros para as que veñan de fóra, para a construción de novas naves con actividade” explicou o alcaldable

Álvaro Santos destacou que “contaremos cun taxi subvencionado para as visitas médicas ao Hospital ou ao Centro Médico para pensionistas e dependentes con acompañamento”

A vicepresidenta segunda da Deputación subliñou a “dedicación, ganas e traballo” que caracterizan a Álvaro Santos e a candidatura socialista, e que os levarán “a darlle a Friol o cambio progresista que necesita”

Friol, 11 de maio de 2015

O PSOE de Friol anunciou hoxe, nun encontro con veciños e militantes no que tamén participou a vicepresidenta segunda da Deputación –Lara Méndez-, as importantes medidas que propoñen para activar a economía do municipio. Neste senso, para favorecer á creación de emprego en Friol, o candidato socialista á alcaldía –Álvaro Santos- aposta pola implantación dunha bolsa de traballo rotatoria para os desempregados de Friol, ademais do desenvolvemento dun plan de emprego e subvencións para as empresas da localidade que contraten novos traballadores.

No eido económico, os socialistas propoñen tamén unha serie de medidas concretas que afectan ao polígono industrial. “Como novidade implantaremos subvencións, de ata un máximo de 30.000 euros para as empresas de Friol e de 20.000 euros para as que veñan de fóra, para a construción de novas naves con actividade”, explicou o alcaldable e engadiu que “adicaremos dous módulos da nave de usos múltiples como viveiro de empresas para os novos emprendedores de Friol, que poderán ocupala durante dous anos cun aluguer económico”.

Taxi subvencionado para visitas médicas

O proxecto de goberno do PSOE tamén inclúe unha serie de medidas para garantir o benestar social dos veciños e veciñas de Friol. Neste apartado do programa, Santos destacou que “contaremos cun taxi subvencionado para as visitas médicas ao Hospital ou ao Centro de saúde para pensionistas e dependentes con acompañamento”.

A mellora da calidade de vida e atención aos maiores do municipio é outra das preocupacións da candidatura socialista; por iso, “abriremos un centro público de atención á terceira idade con centro de día e residencia con servizo de transporte, ademais da creación dun servizo de comidas a domicilio para persoas maiores ou dependentes e o mantemento e mellora do servizo de axuda no fogar”.

Xestión eficiente dos recursos municipais

Os socialistas tamén queren xestionar o Concello dun xeito máis eficiente; por iso, “organizaremos a plantilla de persoal dun xeito adecuado para poder ofrecer novos e mellores servizos”, indicou o alcaldable. Neste senso, engadiu que “optimizaremos o uso da maquinaria do concello e axilizaremos os trámites en obras menores”.

O cambio progresista que necesita Friol

Pola súa banda, a vicepresidenta segunda da Deputación subliñou a “dedicación, ganas e traballo” que caracterizan a Álvaro Santos e a candidatura socialista, e que os levarán “a darlle a Friol o cambio progresista que necesita”.

Lara Méndez mostrouse convencida de que o 24M “imos facer historia e poñer a provincia rumbo ao futuro. Estas eleccións servirán para decidir se continuamos na parálise permanente, se renunciamos aos dereitos que durante 30 anos conseguimos, ou dicimos basta”. Por iso, “temos que falar coa xente, con ilusión, como facemos os socialistas, sen falar mal de ninguén, nin enredar; iso é para outros. Nós a escoitar á xente e falar con ela. Somos o partido da xente e temos que estar á altura das expectativas dos veciños. Temos que falar de futuro: de colexios, centros de saúde, sanidade, servizos sociais, transparencia, de como asentar a poboación no noso rural...”

“Temos que explicarlle á xente como imos recuperar en Friol, e todos os concellos da provincia, o que en tan só tres anos nos quitaron dende Madrid e dende Santiago. Nós imos recuperar todo o que o Partido Popular nos quitou, imos gobernar para que a maioría saia adiante”, subliñou a vicepresidenta provincial.

